

REPARAR OS VIVOS

[Katell Quillévére, 2016]

270

ESTREA EN NUMAX: 04.08.2017 | V.O.S.E. | +12

Réparer les vivants (2016, 103')

Dirección: Katell Quillévére

Guión: Katell Quillévére, Gilles Taurand

(Novela: Maylis De Kerangal)

Elenco: Emmanuelle Seigner, Tahar Rahim, Anne Dorval, Alice Taglioni, Monia Chokri, Bouli Lanners, Finnegan Oldfield

Son: Florent Klockenbring

Montaxe: Thomas Marchand

Fotografía: Tom Harari

Dirección de arte: Virginie Montel

Vestuario: Floriane Gaudin

Produtoras: Les Films Pelléas, Frakas Productions, France 2 Cinéma, Les Films du Bélier (Francia)

Distribuidora: Caramel Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2016 (sección oficial), César 2016 (nomeado a mellor guión adaptado), Seminci 2016 (sección oficial), Ghent 2016 (sección oficial), Toronto 2016 (sección oficial)

FILMOGRAFÍA

Suzanne, 2013


Un poison violent, 2010

SINOPSE

Todo comeza de madrugada nun mar tempestuoso con tres mozos surfistas. Unhas horas máis tarde, no camiño de volta sofren un accidente. No hospital Havre, a vida de Simón pende dun fio. Mentres tanto, en París, unha muller agarda un trasplante providencial que lle poida prolongar a vida. Thomas Remige, un especialista en trasplantes, debe convencer a uns pais en estado de shock de que ese corazón podería seguir vivindo noutro corpo. E salvar, tal vez, unha vida.

«Un melodrama hipnótico incrivelmente mellorado pola penetrante e poética dirección de Katell Quillévére»

Nick Schager, VILLAGE VOICE



“Quería filmar o corpo de maneira anatómica, poética e metafísica”

Entrevista con Katell Quillévére

Como xorde o desexo de adaptar a novela de Maylis de Kerangal? Foi David Thion, o coprodutor do filme, quen me ofreceu facer *Reparar aos vivos*, uns días despois do seu lanzamento. Encantáralle o libro e pensou que me gustaría. Eu xa lera dúas novelas de Maylis de Kerangal: *Corniche Kennedy* e *El nacimiento de un puente*. Devorei esta en cinco horas así que tiven moi claro que quería facer o filme. Tiña moitísimas ganas aínda que o principio o desexo era moi instintivo. Pero a medida que fun escribindo o guión comprendín as razóns subxacentes. Este proxecto tiña unha parte de catarse, de desexo de transformar a miña propia experiencia nun hospital. Ao final, esta adaptación é tan persoal como os meus filmes anteriores. Ademais, o libro prometía ser unha aventura cinematográfica moi intensa. Grazas ao percorrido que fai este órgano, existía a posibilidade de filmar o corpo de maneira anatómica, poética, metafísica. Todo ao mesmo tempo. Como se filma o interior dun ser vivo? Que se transgrede ao explorar ese lugar? Este reto cinematográfico que mestura o trivial e o sagrado devolvíanme á miña

primeira longametraxe, *Un veneno violento*. Por outra banda, acababa de descubrir con fascinación *The Knick* (2014), a serie de Soderbergh sobre os inicios da cirurxía. Poder representar escenas de operacións parecíame apaixonante.

Suzanne (2013) centrábase en poucos personaxes e tiña lugar ao longo de 20 anos. Reparar aos vivos pon en escena unha multiplicidade de personaxes durante 24 horas... É un dos motivos que me levaron a facer esta adaptación. Quería asumir un novo reto narrativo, unha nova liña temporal. Quería facer filmes abertos ao público mais sen renunciar á miña esixencia con respecto ao cinema como linguaxe. Durante a escrita do guión obsesionéime coa idea de construír unha canción de xestos, un termo que tamén emprega Maylis sobre o seu libro. Quería construír unha narrativa que non fose nin unha crónica nin un filme coral, un filme de substitución sen protagonista. Cada personaxe ten unha identidade moi marcada pero aínda así é un eslabón dunha cadea suspendida entre a vida e a morte. A esencia do filme é o vínculo entre eses individuos e como está organizada esa cadea para prolongar a vida, para transformar a morte.

O filme está sempre en movemento pero non é unha carreira contrarreloxo. A urxencia é máis ben emocional. A trampa tería sido poñerse do lado narrativo. Os verdadeiros retos son outros, contar esta historia cunha temporalidade afectiva máis profunda.

Pero como contar unha historia que ocorre en 24 horas sen que apareza un reloxo? Decanteime por un presente absoluto, por representar os personaxes a través dos seus xestos, do seu traballo, das palabras que empregan... Mais deixando tamén lugar a algunhas digresións, as que corresponden á linguaxe cinematográfica. Sobre todo recreando momentos que non parecen necesarios, como cando a cámara se detén na receptora ao principio da segunda parte sen que saibamos aínda quen é. Quería observar a certos seres humanos antes de que interpretaran o seu papel na narración. Quería que o espectador gozase tamén deses intres de paréntese dramática. Neses momentos, o filme atópase nunha temporalidade case abstracta, antes de mergullarse de novo en cuestións vitais e médicas.

Pasolini dicía que para que un filme estivese logrado e vivo debía conter heteroxeneidade, mesmo colisión. E eu creo firmemente nesa idea. Quería facer un filme que non deixara de vagar e mutar, a nivel narrativo e estético, mais sempre guiado pola necesidade. Coa súa enerxía adolescente o principio pode lembrarnos a unha *teenage movie* onde hai que enfrontarse á realidade cunha estética máis crúa que é cando se produce a morte no hospital. Mais cando o filme descobre o personaxe de Anne e vemos que a vida segue o seu curso, xorde a estética do melodrama e a influencia de Douglas Sirk.

Publicado en www.caramelfilms.es
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Reparar a los vivos, Maylis de Kerangal.
Anagrama, 2015

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABONATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX